



(F\_TOD\_15)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON PORTADAS, ESCAPARATES, VITRINAS, MARQUESIÑAS, TOLDOS, PAVIMENTOS E OUTRAS INSTALACIÓNS SEMELLANTES QUE VOEN SOBRE A VÍA PÚBLICA OU SOBRESAIAN DA LIÑA DE FACHADA

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
18/11/2005	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	270	01/01/2006
13/11/2006	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2006
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
04/11/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaríanse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ [informatica@concelloedemonforte.com](mailto:informatica@concelloedemonforte.com) 🌐 [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>  
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

## INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO	3
ARTIGO -4- DEVEÑO E PAGO	3
ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA	3
ARTIGO -6- NORMAS DE XESTIÓN	4
DISPOSICIÓN ADICIONAL	4
DISPOSICIÓN FINAL	4



## ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos Artigos 57 , 20.3 ñ) e 20.3 s) do R.D legislativo 2/2004 de 5 de marzo (TRHL) polo que se aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e de conformidade co que dispoñen os Artigos 15 a 19 do mesmo texto legal, o Concello de Monforte establece a Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local con portadas, escaparates, vitrinas, marquesiñas, toldos, pavimentos e outras instalacións semellantes que voen sobre a vía pública ou sobresaian da liña de fachada.

## ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa o aproveitamento especial do dominio público local que beneficia de modo particular ós suxeitos pasivos e que se produce pola instalación de portadas, escaparates, vitrinas, marquesiñas, toldos, pavimentos e outras instalacións semellantes que voen sobre a vía pública ou sobresaian da liña de fachada.

## ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO

1. Teñen a consideración de suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas así como as entidades que establece o ARTIGO 35.4 da Lei Xeral Tributaria a favor das cales se outorguen as concesións ou autorizacións ou as que se beneficien do aproveitamento, si se procedeu sen o oportuno outorgamento.
2. Os obrigados tributarios das taxas de vencemento periódico que non residan en España teñen a obriga de nomear un representante legal con domicilio no territorio español que deberán comunicar ao Concello antes do primeiro deveño da taxa posterior a alta no rexistro de contribuíntes.

## ARTIGO -4- DEVEÑO E PAGO

1. A taxa deveñarase cando se inicie o aproveitamento especial, a estes efectos se entende que é o do outorgamento da correspondente concesións ou autorizacións.
2. Cando se produza a instalación sen que se solicitase a correspondente concesión ou autorización, o deveño producirase no momento do inicio do aproveitamento.
3. O pagamento da taxa realizarase:
  - a) Se trátase de novos aproveitamentos mediante autoliquidación no momento da presentación da solicitude.
  - b) No caso de aproveitamentos xa autorizados e ou prorrogados, ingresarase a contía correspondente ao período anual. O Concello requirirá anualmente para o seu pagamento a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

## ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria da taxa calcularase por aplicación das tarifas reguladas no parágrafo seguinte, atendendo á categoría da rúa onde estean instalados ou se pretendan instalar as portadas, escaparates ou vitrinas, marquesiñas, toldos, pavimentos e outras instalacións semellantes, que voen sobre a vía pública ou sobresaian da liña de fachada e tendo en conta así mesmo, a superficie en relación á cal queda autorizada a ocupación en virtude de licenza, ou a realmente ocupada, se esta fose maior.
2. As tarifas da taxa serán a seguintes:

TARIFAS	Rúas de 1ª	Rúas de 2ª	Rúas de 3ª
Portadas, escaparates, vitrinas e pancartas por metro cadrado e ano	1,93 €	1,55 €	1,15 €
Toldos con soporte sobre a vía pública, por metro cadrado e ano	3,06 €	3,06 €	3,06 €
Toldos sen soporte sobre a vía pública, por metro cadrado e ano	0,76 €	0,64 €	0,39 €
Marquesiñas, pavimentos e outras instalacións semellantes, por m2 e ano	1,15 €	0,98 €	0,76 €
Parasois sobre a vía pública, por unidade e mes	1,55 €	1,15 €	1,15 €

3. A categorización das rúas a efectos desta ordenanza serán as que se determinan na ordenanza fiscal xeral. Cando o espazo afectado polo aproveitamento estea situado na confluencia de dúas ou de máis vías públicas clasificadas en distinta categoría, aplicarase a tarifa que corresponda á vía de categoría superior. Cando a/as rúas non estean no Anexo a Ordenanza Fiscal, Xeral a categoría da rúa será a terceira .
4. As cotas tributarias resultantes de aplicar as tarifas suliñadas nos anteriores apartados deste artigo non poderán ser inferiores a 6,00 €

## ARTIGO -6- NORMAS DE XESTIÓN

1. As cantidades esixibles de acordo coa tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles segundo a petición que se formule na solicitude.
2. As solicitudes deberán realizarse previamente á realización do aproveitamento e deberase proceder a declarar a superficie total do dito aproveitamento.
3. Os servizos técnicos do Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas, sendo procedente a práctica das liquidación complementarias as que haxa lugar.
4. No caso de non outorgarse a respectiva licenza ou autorización e sempre que non se producira o aproveitamento, procederá a devolución da autoliquidación realizada no momento da formulación da solicitude .
5. A formulación da baixa producirá efectos a partir do exercicio seguinte ó da súa presentación.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación i aqueles que fagan remisión a preceptos legais , entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 18 de novembro de 2005 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 270 de 25 de novembro sen que se produciran reclamacións, entrará en vigor o día un de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 13 de novembro de 2006 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 297 de 29 de decembro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca